

O texto expositivo. Unha análise

Texto continuo con parágrafos que transmiten información. (Tamén hai expositivos discontinuos, como as infografías). Dominio da función referencial e da enunciación. Presenza de título temático. (Pode haber apartados e recursos gráficos).

Exposición divulgativa: claridade, escaseza de tecnicismos, enunciados sinxelos... Diríxese a un público non especializado.

Estrutura: introdución, desenvolvemento e conclusión.

Esquema expositivo causal dominante: que é o que permite falar, que é o que permite datar o inicio.

Ocultación do emisor: 3ª persoa, impersonais... A presenza da 1ª p. plural é colectiva: unha referencia á especie. Obxectividade, sen recursos de modalización.

A capacidade de falar do ser humano

Por que ningún primate, nin sequera o intelixente chimpancé, gran imitador, é quen de reproducir a fala tal como fan os loros ou algunhas especies de córvidos? Veterinarios e zoólogos xa **demostraron**, sen marxe para a dúbida, que a súa gorxa, a súa boca e a súa lingua non **están** adaptadas para emitir palabras. **Alén diso**, tampouco o seu aparato auditivo **é** eficaz para captar a gama de frecuencias que o ser humano **emprega** ao falar.

A evolución dos primates levou os chimpancés, orangutáns e gorilas por outro camiño, ata estancalos no emprego de berros e ouveos para a alerta, a advertencia, o alimento ou o desafío. Nunca tiveron a menor oportunidade **morfolóxica** de desenvolver a fala.

A pregunta que xorde, **entón**, é: **cando adquiriu a especie humana a capacidade de falar? Como mínimo, desde hai 800.000 anos. O achado e posterior estudo de ósos hioides nos xacementos de Atapuerca así o indica .**

O **hioide, óso propio dos mamíferos**, atópase na base da lingua, xusto na cima da larinxe, e nel insírense once músculos que permiten múltiples funcións. Entre outras, facilita case todos os movementos da lingua e da larinxe, **tales como a correcta deglución de alimentos cara ao esfago**. No ser humano, o hioide posibilita ademais a produción da fala, capacidade que lle pertence en exclusiva. **Por iso, este óso nos humanos é claramente distinto na súa morfoloxía do dos seus parentes máis próximos.**

Ata hai dúas décadas só **se coñecían** dous hioides fósiles semellantes ao do home moderno. Estes pertencen a exemplares do Homo Neanderthalensis, **que é unha especie de hai 60.000 - 40.000 anos**. Iso suxeriu aos descubridores que os neandertais podían falar. Recentemente, en Atapuerca **acháronse** outros dous hioides similares aos actuais e que pertencen ao Homo heidelbergensis, **antecesor remoto dos neandertais** que viviu hai uns 500.000 anos.

O descubrimento leva a unha conclusión obrigada. Non é probábel que ambas as liñas evolucionaran na mesma dirección por separado. Ambas as ramas do xénero Homo recibiron o hioide como herdo dun antepasado común: o Homo Antecesor, que viviu hai 800.000 ou 900.000 anos. Tamén el emitía sons como os nosos. As primeiras palabras veñen de máis atrás do que se cría.

Recursos expositivos (para facer entender ben): pregunta – resposta, exemplificación, nominalización...

Abundancia de predicados nominais para definir e explicar procesos, así como de **subordinadas de relativo**.

A sintaxe tende a seguir a orde lóxica e a non ser complexa, mais tamén hai oracións causais, finais, temporais e consecutivas para establecer relacións lóxicas; e para as hipóteses, condicionais.

Uso de vocabulario sempre denotativo. Tamén de **tecnicismos** (menos frecuentes na divulgación; e ás veces con **definicións e aclaracións en incisos**).

Presenza de **marcadores ou conectores textuais** de orde, adición, causais ou consecutivos.